

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego. Sección de Promoción Económica e Emprego

Bases específicas reguladoras convocatoria do programa de subvencións dirixido a entidades sen ánimo de lucro da provincia da Coruña para investimentos de Promoción Económica durante o ano 2018 (FOENIA)

ANUNCIO

SERVIZO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, TURISMO E EMPREGO

Acordo Xunta Goberno do día 6 de abril de 2018, que aproba as Bases do programa de subvencións dirixido a entidades sen ánimo de lucro da provincia da Coruña para a realización de investimentos de promoción económica durante o ano 2018

Na sesión celebrada o día 06.04.2018, a Xunta de Goberno acordou aprobar as Bases específicas reguladoras da convocatoria do programa de subvencións dirixido a entidades sen ánimo de lucro da provincia da Coruña para a realización de investimentos de promoción económica durante o ano 2018, que se transcriben de seguido:

CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDO A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA INVESTIMENTOS DE PROMOCIÓN ECONÓMICA DURANTE O ANO 2018.

BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA QUE COMPLEMENTAN AS BASES XERAIS REGULADORAS DAS CONVOCATORIAS DE SUBVENCIÓNS DA DEPUTACIÓN.

Datos da convocatoria

| | |
|--|---|
| Denominación: | Convocatoria do programa de subvencións dirixido a entidades sen ánimo de lucro da provincia da Coruña para investimentos de promoción económica durante o ano 2018 |
| Referencia: | FOENIA/2018 |
| Aplicación orzamentaria: | 0510/414.2/781 IMPORTE 500.000€ Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria. |
| Importe do orzamento de gastos do investimento: | Liña 1.-Máximo: 30.000€, mínimo:5.000€ Liña 2.-Máximo 100.000€ ,mínimo 30.000€ |
| Importe da subvención que se ha conceder: | Liña 1.- Máximo 24.000€, mínimo:1.000€ Liña 2.- Máximo 80.000€, mínimo 20.000 € |
| Porcentaxe subvencionable do orzamento de gastos financiáveis: | Do 20% ao 80% |

Na liña 1 -Os proxectos deberán ser referidos a investimentos de ámbito meramente local ou municipal.

Na liña 2- Os proxectos debererán ter a consideración e impacto que exceda do ámbito municipal con repercusión comarcal ou provincial , ou ben ser referidos a investimentos dunha natureza especialmente relevante polo seu contido e transcendencia.

Base 3.- Obxecto**Obxecto específico da convocatoria FOENIA/2018**

As axudas económicas obxecto da presente convocatoria destinaranse á realización de investimentos tendentes a impulsar o desenvolvemento económico, o fomento do emprego, o apoio ao comercio e a hostalaría, por parte das entidades sen ánimo de lucro que forman parte dos seguintes ámbitos:

a) Entidades de natureza veciñal e mulleres rurais:

- Execución de obras ou equipamentos de interese xeral no ámbito parroquial, municipal ou comarcal, tales como: saneamento, abastecemento de auga, acondicionamento de camiños, iluminación pública.
- Reforma e mellora de locais sociais.
- Adquisición de mobiliario ou equipamento informático.
- Creación de páxinas web, aplicacións móbiles, internet vía satélite no rural.

b) Asociacións de cazadores:

- Repoboacións cinexéticas, sinalización Tecor

c) Asociacións de empresarios e comerciantes

- Investimentos na hostalaría e no comercio, para adaptarse á normativa vixente na materia: adecuación dos locais para mellora da accesibilidade, instalación e equipamentos contra incendios e seguridade interior, adecuación das instalacións eléctricas, adquisición de equipamento tecnolóxico (TPV) para adaptación á regulación das obrigas de facturación.

3.2 Gastos subvencionables nesta convocatoria:

| CONTA | DESCRICIÓN DA CONTA, SEGUNDO O PXCPENL (*) |
|-------|--|
| 206 | Aplicacións informáticas |
| 211 | Construcións |
| 214 | Maquinaria e útiles |
| 216 | Mobiliario |
| 217 | Equipos para proceso de información |
| 219 | Outro inmovilizado material (repopoacións cinexéticas) |

* Resolución do 26.03.2013, do Plan de contabilidade de pequenas e medianas entidades sen fins lucrativos.

Base 4.- Exclusiones**Exclusiones da convocatoria FOENIA/2018**

Ademais das exclusiones expresadas no punto 4 das bases reguladoras, non serán obxecto de subvención neste programa as seguintes actividades:

- Os gastos das agrupacións de voluntarios de protección civil
- Os gastos das protectoras de animais
- Os gastos referidos a investimentos que non se correspondan cos obxectivos da convocatoria
- Os investimentos no patrimonio arquitectónico
- Os gastos financeiros
- Elementos de transporte
- O importe do IVE non se considerará gasto subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou de compensación pola entidade (art. 31.8 LXS)

Base 5.- Solicitantes**Requisitos específicos da convocatoria FOENIA/2018**

-Entidades sen ánimo de lucro, tales como asociacións de empresarios e comerciantes, asociacións de veciños e de mulleres rurais, legalmente constituídas no momento de facer a solicitude, con domicilio fiscal na provincia da Coruña ou que acrediten que os investimentos obxecto da subvención se realizarán no ámbito territorial desta provincia.

Base 6.- Obrigas das entidades

Ademais das obrigas establecidas na base 6 das bases reguladoras das convocatorias de subvencións, deberán cumprir os seguintes requisitos:

Acreditaren un número mínimo de 25 socios/as ou partícipes na data de presentación.

Obriga de destinar os bens aos fins concretos para a que foi concedida a subvención durante un período mínimo de cinco anos, no caso de inmoables, ou de dous anos, no caso de bens inventariables.

As entidades porán, en lugar visible e na súa páxina web, a imaxe corporativa da Deputación de Coruña.

Base 7.- Solicitude**7.1.- Prazo da convocatoria FOENIA/2018**

O prazo de presentación de solicitudes determinarase no anuncio de publicación da convocatoria deste programa no BOP da Coruña, a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións.

7.2.- Documentación**Documentación específica da convocatoria FOENIA/2018**

Ademais da documentación establecida no apartado 7.2 das bases reguladoras das convocatorias de subvencións, deberán presentar telematicamente a seguinte documentación específica:

- Memoria explicativa do investimento, asinada polo representante, que conterá os seguintes aspectos: Breve descrición do investimento que se ha realizar para os efectos de comprobar que é subvencionable nesta convocatoria segundo o disposto na base 2, o seu calendario de realización ao longo do ano 2018, a súa adecuación ao interese provincial e o número de persoas beneficiadas directa ou indirectamente

- No caso de realización de obras:
- - Resumo do presuposto de execución por capítulos ou unha memoria valorada, pero unha vez concedida a axuda, de ser legalmente necesario, requirirase para a xustificación a achega do proxecto técnico. No caso de solicitar a axuda para unha fase da obra, definirase a fase no informe técnico. Non obstante o anterior, cando o orzamento de execución da obra supere o límite do contrato menor, é dicir, 40.000€ IVE excluído, deberá presentarse necesariamente o proxecto técnico; así como naqueles proxectos de contía inferior cando se trate de obras que afecten á estabilidade, seguridade e estanqueidade da obra, circunstancia que deberá acreditarse no expediente.
- No caso de que os proxectos de obras estean divididos en fases, deben achegar a programación total, coa indicación de número de fases, importe e calendario de realización, así como que contan con financiamento para a realización da totalidade das fases. As sucesivas propostas que se presenten deberán numerarse por fases coa indicación das xa executadas. Deberá acreditarse tamén que cada unha das fases subvencionadas son susceptibles de utilización independente.
- Declaración de ter a acreditación da titularidade da propiedade ou dereito real que posúa sobre o ben inmovible ou, no seu caso, declaración de ter a autorización do propietario, para a realización de obras.
- Declaración do número de referencia catastral do ben inmovible
- Compromiso de solicitar a licenza ou autorizacións preceptivas.

Base 8.- Resolución**8.1.- Criterios de valoración da convocatoria FOENIA/2018**

| | |
|---|---------------|
| Coeficiente de financiamento derivado da solicitude: | Ata 40 puntos |
| Número de beneficiados directa ou indirectamente polas actividades: | Ata 20 puntos |
| Emprego da lingua galega na súa realización: | Ata 5 puntos |
| A posibilidade de utilización do investimento por entidades distintas da solicitante da subvención: | Ata 10 puntos |
| Interese da proposta presentada: Valoraranse, por unha comisión técnica, que será designada por resolución da presidencia, tendo en conta os seguintes aspectos: <ul style="list-style-type: none"> · A necesidade e contribución real do investimento presentado para o mellor desenvolvemento das actividades da entidade: Ata 15 puntos · A vida útil ou tempo de aproveitamento do investimento subvencionado:ata 10 puntos | Ata 25 puntos |

Base 9.- Xustificación e pagamento**9.3- Documentación xustificativa***Xustificación das subvencións da convocatoria FOENIA/2018*

Ademais da documentación establecida no apartado 9.3 das bases reguladoras das convocatorias de subvencións, deberán presentar telematicamente a seguinte documentación específica:

- Memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación dos investimentos realizados, das persoas usuarias, dos resultados obtidos e as desviacións acaecidas, así como o detalle dos ingresos ou subvencións que financiasen o investimento subvencionado, con dindicación do seu importe e procedencia, asinada dixitalmente polo presidente ou representante da entidade.
- A memoria deberá reflectir expresamente os seguintes termos: obtención de licenzas preceptivas e cumprimento de normas contractuais e acreditación da recepción da obra ou do equipamento.
- Acreditación da inclusión do logotipo da Deputación, do uso da lingua galega nos soportes de difusión das actividades subvencionadas e da obriga de in cluír en lugar visible e na súa páxina web a imaxe corporativa da Deputación da Coruña.
- Declaración relativa á repercusión do IVE que no seu caso, inclúan as facturas xustificativas do gasto realizado. De acordo co disposto no art. 31.8 da Lei xeral de subvencións, o IVE será subvencionable no caso de que non sexa deducible pola entidade.

No caso de que o importe da subvención concedida sexa inferior a 3.000€, ademais da memoria e declaración do IVE, deberán achegar:

- Conta xustificativa
- Factura dixital ou escaneada
- Albarán de entrega
- **No caso de repoboacións cinxéticas, presentación de autorización para a solta na consellería pertinente e autorización para a mesma otorgada polo órgano competente da Xunta de Galicia.**
- Acreditación da recepción da obra ou equipamento

No caso de que o importe da subvención concedida sexa igual ou superior a 3.000€, ademais da memoria e declaración do IVE, deberán achegar a seguinte documentación:

1.- Adquisición de bens de equipo:

- Conta xustificativa
- Factura dixital ou escaneada
- Acta de recepción escaneada, ou do albará de entrega e fotografía do obxecto da solicitude

- Declaración do acordo de aprobación da factura polo órgano competente da entidade beneficiaria.
- Se o importe do equipo supera os 15.000,00 € (IVE excluído) deberá achegarse telematicamente unha valoración pericial do ben adquirido suscrito por técnico colexiado independente.
- Acreditación da solicitude de 3 presupostos

2.- Adquisición de bens inmoables:

- Conta xustificativa
- Escritura pública escaneada se a adquisición é superior a 15.000 € (IVE excluído)
- Declaración de inscrición no Rexistro da Propiedade do financiamento obtido e da adscrición do ben á finalidade para a que a subvención foi concedida polo prazo que se estableza nas bases, que non poderá ser inferior a cinco anos.
- Se o importe do ben supera os 15.000,00 € (IVE excluído) deberá achegarse telematicamente unha valoración pericial do ben adquirido suscrito por técnico colexiado independente.

3.- Execución de obras:

- Conta xustificativa
- Certificación escaneada de obra subscrita por técnico colexiado competente
- Relación valorada dixital
- Factura dixital ou escaneada
- Acta de recepción escaneada, e fotografía
- Declaración da aprobación polo órgano competente da entidade beneficiaria da subvención.

Se as obras as executa a administración, na certificación de obra concretarase exclusivamente o importe da execución material, (non poderá incorporar, polo tanto, nin gastos xerais nin beneficio industrial nin o imposto sobre o valor engadido), non obstante poderá ser substituída esta por facturas dixitais ou escaneadas, expedidas polos distintos provedores.

Se as obras as executa o contratista adxudicatario, á certificación de obra que poderá conter os gastos xerais, beneficio industrial e IVE, acompañarase factura dixital ou escaneada expedida polo contratista e certificado da aprobación polo órgano competente da entidade. O importe do IVE só será gasto subvencionable se non ten o carácter de deducible para o beneficiario.

Acuerdo de la Junta de Gobierno del día 6 de abril de 2018, que aprueba las Bases del programa de subvenciones dirigido a entidades sin ánimo de lucro de la provincia de A Coruña para la realización de inversiones de promoción económica durante el año 2018

En la sesión celebrada el día 06.04.2018, la Xunta de Gobierno acordó aprobar las Bases específicas reguladoras de la convocatoria del programa de subvenciones dirigido a entidades sin ánimo de lucro de la provincia de A Coruña para la realización de inversiones de promoción económica durante el año 2018, que se transcriben a continuación:

CONVOCATORIA DEL PROGRAMA DE SUBVENCIONES DIRIGIDO A ENTIDADES SIN ÁNIMO DE LUCRO DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA PARA INVERSIONES DE PROMOCIÓN ECONÓMICA DURANTE EL AÑO 2018.

BASES ESPECÍFICAS DE LA CONVOCATORIA QUE COMPLEMENTAN LAS BASES GENERALES REGULADORAS DE LAS CONVOCATORIAS DE SUBVENCIONES DE LA DIPUTACIÓN.

Datos de la convocatoria

| | |
|--|---|
| Denominación: | Convocatoria del programa de subvenciones dirigido a entidades sin ánimo de lucro de la provincia de A Coruña para inversiones de promoción económica durante el año 2018 |
| Referencia: | FOENIA/2018 |
| Aplicación presupuestaria: | 0510/414.2/781 IMPORTE 500.000€ Este importe podrá ser objeto de modificación presupuestaria. |
| Importe del presupuesto de gastos de inversión: | Línea 1.-Máximo: 30.000€, mínimo:5.000€ Línea 2.-Máximo 100.000€ ,mínimo 30.000€ |
| Importe de la subvención que se ha conceder: | Línea 1.- Máximo 24.000€, mínimo:1.000€ Línea 2.- Máximo 80.000€, mínimo 20.000 € |
| Porcentaje subvencionable del presupuesto de gastos financiados: | Del 20% al 80% |

En la línea 1 -Los proyectos deberán ser referidos a inversiones de ámbito meramente local o municipal.

En la línea 2- Los proyectos deberán tener la consideración e impacto que exceda del ámbito municipal con repercusión comarcal o provincial, o bien ser referidos a inversiones de una naturaleza especialmente relevante por su contenido y trascendencia.

Base 3.- Objeto

Objeto específico de la convocatoria FOENIA/2018

Las ayudas económicas objeto de la presente convocatoria se destinarán a la realización de inversiones tendentes a impulsar el desarrollo económico, el fomento del empleo, el apoyo al comercio y a la hostelería, por parte de las entidades sin ánimo de lucro que forman parte de los siguientes ámbitos:

a) Entidades de naturaleza vecinal y mujeres rurales:

- Ejecución de obras o equipaciones de interés general en el ámbito parroquial, municipal o comarcal, tales como: saneamiento, abastecimiento de agua, acondicionamiento de caminos, iluminación pública.
- Reforma y mejora de locales sociales.
- Adquisición de mobiliario o equipación informática.
- Creación de páginas webs, aplicación móviles, internet vía satélite en el rural.

b) Asociaciones de cazadores:

- Repoblaciones cinegéticas, señalización Tecor

c) Asociaciones de empresarios y comerciantes

- Inversiones en la hostelería y en el comercio, para adaptarse a la normativa vigente en la materia: adecuación de los locales para mejora de la accesibilidad, instalación y equipaciones contra incendios y seguridad interior, adecuación de las instalaciones eléctricas, adquisición de equipación tecnológica (TPV) para adaptación a la regulación de los deberes de facturación.

3.2 Gastos subvencionables en esta convocatoria:

| CUENTA | DESCRIPCIÓN DE La CUENTA, SEGUNDO EI PXCPENL (*) |
|--------|---|
| 206 | Aplicaciones informáticas |
| 211 | Construcciones |
| 214 | Maquinaria y útiles |
| 216 | Mobiliario |
| 217 | Equipos para proceso de información |
| 219 | Otro inmovilizado material (replantaciones cinegéticas) |

* Resolución del 26.03.2013, del Plan de contabilidad de pequeñas y medianas entidades sin fines lucrativos.

Base 4.- Exclusiones**Exclusiones de la convocatoria FOENIA/2018**

Además de las exclusiones expresadas en el punto 4 de las bases reguladoras, no serán objeto de subvención en este programa las siguientes actividades:

- Los gastos de las agrupaciones de voluntarios de protección civil
- Los gastos de las protectoras de animales
- Los gastos referidos a inversiones que no se correspondan con los objetivos de la convocatoria
- Las inversiones en el patrimonio arquitectónico
- Los gastos financieros
- Elementos de transporte
- El importe del IVA no se considerará gasto subvencionable cuando sea susceptible de recuperación o de compensación por la entidad (art. 31.8 LXS)

Base 5.- Solicitantes**Requisitos específicos de la convocatoria FOENIA/2018**

-Entidades sin ánimo de lucro, tales como asociaciones de empresarios y comerciantes, asociaciones de vecinos y de mujeres rurales, legalmente constituidas en el momento de hacer la solicitud, con domicilio fiscal en la provincia de A Coruña o que acrediten que las inversiones objeto de la subvención se realizarán en el ámbito territorial de esta provincia.

Base 6.- Deberes de las entidades

Además de los deberes establecidos en la base 6 de las bases reguladoras de las convocatorias de subvenciones, deberán cumplirse las siguientes requisitos:

Acreditar un número mínimo de 25 socios/las o participantes en la fecha de presentación.

Deberán destinar los bienes a los fines concretos para los que fue concedida la subvención durante un período mínimo de cinco años, en el caso de inmuebles, o de dos años, en el caso de bienes inventariables.

Las entidades pondrán, en lugar visible y en su página web, la imagen corporativa de la Diputación de A Coruña.

Base 7.- Solicitud**7.1.- Plazo de la convocatoria FOENIA/2018**

El plazo de presentación de solicitudes se determinará en el anuncio de publicación de la convocatoria de este programa en el BOP de A Coruña, a través del Sistema Nacional de Publicación de Subvenciones.

7.2.- Documentación

Documentación específica de la convocatoria FOENIA/2018

Además de la documentación establecida en el apartado 7.2 de las bases reguladoras de las convocatorias de subvenciones, deberán presentar telemáticamente la siguiente documentación específica:

| |
|--|
| - Memoria explicativa la inversión, firmada por el representante, que contendrá los siguientes aspectos: Breve descripción de la inversión que se va a realizar a los efectos de comprobar que es subvencionable en esta convocatoria según lo dispuesto en la base 2, su calendario de realización a lo largo del año 2018, su adecuación al interés provincial y el número de personas beneficiadas directa o indirectamente |
| <ul style="list-style-type: none"> · En el caso de realización de obras: <ul style="list-style-type: none"> · - Resumen del presupuesto de ejecución por capítulos o una memoria valorada, pero una vez concedida la ayuda, de ser legalmente necesario, se requerirá para la justificación la aportación del proyecto técnico. En el caso de solicitar la ayuda para una fase de la obra, se definirá la fase en el informe técnico. No obstante lo anterior, cuando el presupuesto de ejecución de la obra supere el límite del contrato menor, es decir, 40.000€ IVA excluído, deberá presentarse necesariamente el proyecto técnico; así como en aquellos proyectos de cuantía inferior cuando se trate de obras que afecten a la estabilidad, seguridad y estanqueidad de la obra, circunstancia que deberá acreditarse en el expediente. · En el caso de que los proyectos de obras estén divididos en fases, deben presentar la programación total, con la indicación de número de fases, importe y calendario de realización, así como que cuentan con financiación para la realización de la totalidad de las fases. Las sucesivas propuestas que se presenten deberán numerarse por fases con la indicación de las ya ejecutadas. Deberá acreditarse también que cada una de las fases subvencionadas son susceptibles de utilización independiente. · Declaración de tener la acreditación de la titularidad de la propiedad o derecho real que posea sobre el bien inmueble o, en su caso, declaración de tener la autorización del propietario, para la realización de obras. · Declaración del número de referencia catastral del bien inmueble · Compromiso de solicitar las licencias o autorizaciones preceptivas. |

Base 8.- Resolución

8.1.- Criterios de valoración de la convocatoria FOENIA/2018

| | |
|--|-----------------|
| Coficiente de financiación derivada de la solicitud: | Hasta 40 puntos |
| Número de beneficiados directa o indirectamente por las actividades: | Hasta 20 puntos |
| Empleo de la lengua gallega en su realización: | Hasta 5 puntos |
| La posibilidad de utilización de la inversión por entidades distintas de la solicitante de la subvención: | Hasta 10 puntos |
| Interés de la propuesta presentada: Se valorarán, por una comisión técnica, que será designada por resolución de la presidencia, habida cuenta los siguientes aspectos: <ul style="list-style-type: none"> · La necesidad y contribución real de la inversión presentada para el mejor desarrollo de las actividades de la entidad: Hasta 15 puntos · La vida útil o tiempo de aprovechamiento de la inversión subvencionada:hasta 10 puntos | Hasta 25 puntos |

Base 9.- Justificación y pago

9.3- Documentación justificativa

Justificación de las subvenciones de la convocatoria FOENIA/2018

Además de la documentación establecida en el apartado 9.3 de las bases reguladoras de las convocatorias de subvenciones, deberán presentar telemáticamente la siguiente documentación específica:

- Memoria justificativa del cumplimiento de las condiciones impuestas en la concesión de la subvención con indicación de los inversiones realizados, de las personas usuarias, de los resultados obtenidos y las desviaciones acaecidas, así como el detalle de los ingresos o subvenciones que financiaran la inversión subvencionada, con indicación de su importe y origen,firmada digitalmente por el presidente o representante de la entidad.
- La memoria deberá reflejar expresamente los siguientes términos: obtención de licencias preceptivas y cumplimiento de normas contractuales y acreditación de la recepción de la obra o de la equipación.

- Acreditación de la inclusión del logotipo de la Diputación, del uso de la lengua gallega en los soportes de difusión de las actividades subvencionadas y del deber de incluir en lugar visible y en su página web la imagen corporativa de la Diputación de A Coruña.
- Declaración relativa a la repercusión del IVA que en su caso, incluyan las facturas justificativas del gasto realizado. De acuerdo con lo dispuesto en el art. 31.8 de la Ley general de subvenciones, el IVA será subvencionable en caso de que no sea deducible por la entidad.

En caso de que el importe de la subvención concedida sea inferior a 3.000€, además de la memoria y declaración del IVA, deberán presentar:

- Cuenta justificativa
- Factura digital o escaneada
- Albarán de entrega
- **En el caso de repoblaciones cinegéticas**, presentación de autorización para la suelta en la consellería pertinente y autorización para la misma otorgada por el órgano competente de la Xunta de Galicia.
- Acreditación de la recepción de la obra o equipamiento

En caso de que el importe de la subvención concedida sea igual o superior a 3.000€, además de la memoria y declaración del IVA, deberán presentar la siguiente documentación:

1.- Adquisición de bienes de equipo:

- Cuenta justificativa
- Factura digital o escaneada
- Acta de recepción escaneada, o del albarán de entrega y fotografía del objeto de la solicitud
- Declaración del acuerdo de aprobación de la factura por el órgano competente de la entidad beneficiaria.
- Si el importe del equipo supera los 15.000,00 € (IVA excluido) deberá presentarse telemáticamente una valoración pericial del bien ganancial suscrito por técnico colegiado independiente.
- Acreditación de la solicitud de 3 presupuestos

2.- Adquisición de bienes inmuebles:

- Cuenta justificativa
- Escritura pública escaneada si la adquisición es superior a 15.000 € (IVA excluido)
- Declaración de inscripción en el Registro de la Propiedad de la financiación obtenida y de la adscripción del bien a la finalidad para a que la subvención fue concedida por el plazo que se establezca en las bases, que no podrá ser inferior a cinco años.
- Si el importe del bien supera los 15.000,00 € (IVA excluido) deberá presentarse telemáticamente una valoración pericial del bien ganancial suscrito por técnico colegiado independiente.

3.- Ejecución de obras:

- Cuenta justificativa
- Certificación escaneada de obra suscrita por técnico colegiado competente
- Relación valorada digital
- Factura digital o escaneada
- Acta de recepción escaneada, y fotografía
- Declaración de la aprobación por el órgano competente de la entidad beneficiaria de la subvención.

Si las obras las se ejecutan por administración, en la certificación de obra se concretará exclusivamente el importe de la ejecución material, (no podrán incorporar, por lo tanto, ni gastos generales ni beneficio industrial ni el impuesto sobre el valor añadido), no obstante podrá ser sustituida ésta por facturas digitales o escaneadas, expedidas por los distintos proveedores.

Si las obras las ejecuta el contratista adjudicatario, a la certificación de obra que podrá contener los gastos generales, beneficio industrial e IVA, se acompañará factura digital o escaneada expedida por el contratista y certificado de la aproba-

ción por el órgano competente de la entidad. El importe del IVA sólo será gasto subvencionable si no tiene el carácter de deducible para el beneficiario.

A Coruña, 9 abril de 2018

EL PRESIDENTE,

Valentín González Formoso

EL SECRETARIO,

José Luis Almau Supervía

2018/2590